

## MEMORIA XUSTIFICATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DA FONSGRADA PARA ARRANXAR A ESTRADA LU-730 DENDE O P.Q. 0+000 ATA A INTERSECCIÓN COA ESTRADA LU-530.

### 1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

### 2. Razóns de necesidade e oportunidade

A estrada autonómica LU-730, antiga travesía da Fonsagrada, vertebrada a maior parte da zona vella da vila e coincide case na súa totalidade, co percorrido urbano do Camiño primitivo de Santiago-Camiño Norte ruta interior.

Dita estrada carece de funcionalidade dentro da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.

### 3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en **cento oitenta e nove mil noventa e oito euros con vinte seis céntimos (189.098,26€) IVE incluído**, o cal é asumido na súa totalidade por parte da Axencia Galega de Infraestruturas con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, coa seguinte distribución:

ANO	IMPORTE €
2026	89.098,26
2027	100.000,00
TOTAL	189.098,26



#### **4.- Carácter non contractual**

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Fonsagrada e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

#### **5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

#### **6.- Xustificación da concesión da subvención**

As obras previstas teñen como obxectivo principal a reparación e mellora do treito da estrada LU-730 comprendido entre o p.q. 0+000 e a intersección coa estrada LU-530. Actualmente este treito atópase nun estado de deterioro avanzado o que afecta a seguridade e a comodidade dos usuarios.

Proxéctase a construción dun muro de escollera, co fin de darlle estabilidade ao noiro da estrada, a renovación do asfalto, a execución dun novo treito de beirarrúas e a instalación dunha varanda para garantir a seguridade peonil debido ao desnivel existente.

O concello comprométese a asumir o cambio de titularidade da totalidade da estrada autonómica LU-730, ronda da Fonsagrada, coa excepción do nó viario no seu p.q. 0+000 coa LU-530.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

*A directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza Martínez*

